

LE ATENTAMENTE, APRENDE E CONTESTA ÁS PREGUNTAS

AS ETAPAS DA VIDA

Seguro que notaches que a roupa do ano pasado che queda pequena. Isto débese a que o teu corpo crece e cambia constantemente, aínda que non te deas conta.

Ao longo da nosa vida, as persoas cambiamos e pasamos por varias fases que reciben o nome de etapas da vida. Estas etapas son: **infancia**, **adolescencia**, **xuventude**, **madurez** e **ancianidade**.



A **infancia** comprende a etapa que vai desde o nacemento ata os 12 anos.

Durante a infancia, o corpo crece moi rápido. Aprendemos a andar, a falar, a ler e a escribir. Ao chegar ao final desta etapa facémonos máis independentes.

A **adolescencia** abarca desde os 12 aos 15 anos.

Durante esta etapa, as diferenzas entre os rapaces e as rapazas comezan a ser moi evidentes. Por exemplo, aos rapaces empézalles a saír peluxe e ás rapazas desenvólvenselles as mamas.

A **xuventude** comprende desde os 15 aos 25 anos.

Nesta etapa, as persoas crecen de forma máis lenta, ata que o corpo queda totalmente desenvolvido.



A **madurez** abarca desde os 25 ata os 70 anos.

Nesta etapa o corpo deixa de crecer. As persoas en idade madura adoitan traballar, formar unha familia e ter fillos.

A **ancianidade** empeza, máis ou menos, aos 70 anos.

Nesta etapa as persoas adoitan ter o pelo branco, e os seus ósos e músculos son máis débiles. Porén, a súa sabedoría é enorme, pola grande experiencia acumulada durante a súa vida.

AS ETAPAS DA VIDA

Nome: _____ Data: _____ Curso: _____

1 Relaciona da mesma cor cada etapa da vida co período de idade que lle corresponde.

	12 a 15 anos		Xuventude
		15 a 25 anos	
Adolescencia			
Infancia	Madurez	25 a 70 anos	
			Ancianidade
0 a 12 anos	Máis de 70 anos		

2 Le o que a avoa de Humble lle conta sobre a súa vida e responde as preguntas.



Eu aprendín a ler aos 5 anos e aos 14 anos déronme un premio por un conto que escribín. Aos 19 anos fun á universidade e, aos 28 anos, empecei a traballar e coñecín o teu avó. Aos 30 anos tivemos unha filla, a túa mamá, e cando eu tiña 60 anos, naciches ti! Agora xa teño 70 anos.

a) Que lle ocorreu á avoa de Humble durante a infancia?

.....

.....

b) En que etapa da súa vida recibiu un premio por escribir un conto?

.....

.....

c) En que etapa da súa vida tivo unha filla?

.....

.....

d) Calcula cantos anos ten Humble. En que etapa da vida está?

.....

